



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodeLousame.com
concellodeLousame@concellodeLousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DO PLENO DE LOUSAME

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

SESIÓN ORDINARIA DO 23 DE NOVIEMBRE DE 2018

ASISTENTES:

Alcaldesa:

M^a Teresa Villaverde Pais (GPM PP)

Concelleiros:

Ramón Manuel Martínez Rial (GPM PP)

Ramón Figueroa Pérez (GPM PP)

María Regenjo Vázquez (GPM PP)

Ramón García Conde (GPM PP)

Silvia Agrafojo Filgueira (GPM PP)

Julio M. D. Paradela Busto (GPM PSdG-PSOE)

Beatriz González Bargo (GPM PSdG-PSOE)

Iván Bermúdez Castro (GPM PSdG-PSOE)

Lucía Rodríguez Cao (GPM PT)

Ausentes:

Amador Tumes Núñez (GPM BNG)

Secretaría-Interventora:

Paula Ares Otero

Na localidade de Lousame (A Coruña), sendo as **20:30 horas** do día **23 de novembro de 2018**, no Salón de Plenos do Concello de Lousame, réunese a **Corporación Municipal en Pleno**, en sesión **ORDINARIA**, baixo a Presidencia de D^a. **M^a Teresa Villaverde Pais**, coa asistencia e ausencia dos concelleiros que se enumeran ao marxe.

A Corporación está asistida pola Secretaría-Interventora do Concello, D^a. Paula Ares Otero, que da fe do acto.

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

O concelleiro D. Ramón Manuel Martínez Rial incorpóranse á sesión unha vez iniciada, no momento temporal que se indicará ao longo da acta. Polo tanto no comezo da sesión, só están presentes nove membros do Pleno Corporativo.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 23.11.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PARTE RESOLUTIVA:

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas das seguintes sesións: sesión ordinaria do 5.10.2018, sesión extraordinaria do 11.10.2018 e sesión extraordinaria e urxente do 19.10.2018.
2. Aprobación, se procede, do REC núm. 10/2018.
3. Aprobación, se procede, do REC núm. 11/2018.
4. Moción do GPM do PP co motivo do día internacional da eliminación da violencia contra a muller.

PARTE DE CONTROL:

5. Dación de conta das resolucións da alcaldía da núm. 459/2018 á núm. 601/2018.
6. Mocións por razón de urxencia.
7. Rogos e preguntas.

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SEGUENTES SESIÓN: SESIÓN ORDINARIA DO 05.10.2018, SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 11.10.2018 E SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 19.10.2018

A Alcadesa comenta que vai someter a aprobación as actas das seguintes sesións: ordinaria do 05.10.2018, extraordinaria do 11.10.2018 e extraordinaria e urxente do 19.10.2018, que foron remitidas coa convocatoria a todos os membros da Corporación. Pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

— *Acta da sesión ordinaria do 05.10.2018*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida pola concelleira do GPM do PT), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Aprobar a Acta da sesión plenaria ordinaria do día 05.10.2018.

— *Acta da sesión extraordinaria do 11.10.2018*

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida pola concelleira do GPM do PT), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Aprobar a Acta da sesión plenaria extraordinaria do día 11.10.2018.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

— Acta da sesión extraordinaria e urxente do 19.10.2018

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida pola concelleira do GPM do PT), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Aprobar a Acta da sesión plenaria extraordinaria e urxente do día 19.10.2018.

2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REC NÚM. 10/2018

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

PROPOSTA DA ALCALDÍA: Aprobación de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 10/2018

M^a TERESA VILLASVERDE PAIS, Alcaldesa do Concello de Lousame, propoño ao Pleno Corporativo a adopción do presente ACORDO:

"Vistos os xustificantes de gasto que a continuación se detallan:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Prog.	Econ.
F/2018/1656	23-5-18	TA5LX1441239	4-5-17	716,57	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS DE 18.03.17 - 17.04.17	920	22200
F/2018/1657	23-5-18	TA5LY1516162	4-6-17	716,46	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.04.17 A 17.05.17	920	22200
F/2018/1658	23-5-18	60-F798-414470	28-6-17	208,03	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA 2017	920	22200
F/2018/1659	23-5-18	TA5LZ1819011	4-7-17	712,93	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.05.17 A 17.06.17	920	22200
F/2018/1660	23-5-18	60-G798-414308	28-7-17	179,86	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA XULLO 17	920	22200
F/2018/1661	23-5-18	TA5M00285378	4-8-17	719,64	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.06.17 A 17.07.17	920	22200
F/2018/1662	23-5-18	60-H798-714210	28-8-17	181,39	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA AGOSTO 17	920	22200
F/2018/1663	23-5-18	TA5M10280409	4-9-17	712,62	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.07.17 A 17.08.17	920	22200
F/2018/1664	23-5-18	60-I798-414046	28-9-17	170,11	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA SETEMBRO 17	920	22200
F/2018/1665	23-5-18	TA5SJ0276451	4-10-17	716,74	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.08.17 A 17.09.17	920	22200
F/2018/1666	23-5-18	60-J798-414086	28-10-17	179,74	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA OUTUBRO 17	920	22200





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

F/2018/1667	23-5-18	TA5SK0254934	4-11-17	718,86	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.09.17 A 17.10.17	920	22200
F/2018/1668	23-5-18	60-K798-413996	28-11-17	155,21	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA NOVIEMBRE 17	920	22200
F/2018/1669	23-5-18	TA5SL0249799	4-12-17	719,19	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.10.17 A 17.11.17	920	22200
F/2018/1670	23-5-18	60-L798-413853	28-12-17	160,1	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA DICIEMBRE 17	920	22200
				6967,45				

Visto o informe da Secretaría-Intervención núm. 122/2018 do 16.11.2018.

Dada a existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente para o recoñecemento das obrigas correspondentes nas aplicacións orzamentarias sinaladas, no Orzamento de 2018.

Sendo que os gastos foron efectivamente realizados, que se axustan a prezos de mercado e cómpre a súa aprobación e aplicación ao orzamento vixente, xa que no caso contrario produciríase un enriquecemento ilícito da Administración; non sendo operativo, por razóns de economía procesual, tramitar un expediente de revisión de oficio.

Este Pleno Corporativo, en aplicación do artigo 60.2 do RD 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar, por recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 10/2018, os documentos xustificativos de gasto anteriormente indicados.

Segundo: Aplicar os pagos pendentes de aplicación (PPA) correspondentes aos gastos indicados á aplicación orzamentaria sinalada, coa imputación da súa autorización, disposición, liquidación, ordenación do pago e pago material en formalización, co saldo do pago pendente de aplicación correspondente.

Terceiro: Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento Contable para a súa tramitación e efectos oportunos.

Lousame, a 16 de novembro de 2018.

A Alcadesa

Mª Teresa Villaverde Pais

A Alcadesa pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodeLousame.com
concellodeLousame@concellodeLousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por cinco (5) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP) e catro (4) abstencións (emitidas polos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE e PT), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría simple, adopta o seguinte ACORDO:

“Vistos os xustificantes de gasto que a continuación se detallan:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Prog.	Econ.
F/2018/1656	23-5-18	TA5LX1441239	4-5-17	716,57	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS DE 18.03.17 - 17.04.17	920	22200
F/2018/1657	23-5-18	TA5LY1516162	4-6-17	716,46	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.04.17 A 17.05.17	920	22200
F/2018/1658	23-5-18	60-F798-414470	28-6-17	208,03	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA 2017	920	22200
F/2018/1659	23-5-18	TA5LZ1819011	4-7-17	712,93	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.05.17 A 17.06.17	920	22200
F/2018/1660	23-5-18	60-G798-414308	28-7-17	179,86	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA XULLO 17	920	22200
F/2018/1661	23-5-18	TA5M00285378	4-8-17	719,64	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.06.17 A 17.07.17	920	22200
F/2018/1662	23-5-18	60-H798-714210	28-8-17	181,39	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA AGOSTO 17	920	22200
F/2018/1663	23-5-18	TA5M10280409	4-9-17	712,62	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.07.17 A 17.08.17	920	22200
F/2018/1664	23-5-18	60-I798-414046	28-9-17	170,11	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA SETEMBRO 17	920	22200
F/2018/1665	23-5-18	TA5SJ0276451	4-10-17	716,74	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.08.17 A 17.09.17	920	22200
F/2018/1666	23-5-18	60-J798-414086	28-10-17	179,74	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA OUTUBRO 17	920	22200
F/2018/1667	23-5-18	TA5SK0254934	4-11-17	718,86	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.09.17 A 17.10.17	920	22200
F/2018/1668	23-5-18	60-K798-413996	28-11-17	155,21	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA NOVIEMBRE 17	920	22200
F/2018/1669	23-5-18	TA5SL0249799	4-12-17	719,19	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	MOVISTAR FUSIÓN EMPRESAS 18.10.17 A 17.11.17	920	22200
F/2018/1670	23-5-18	60-L798-413853	28-12-17	160,1	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	FACTURACIÓN CONCERTADA EMPRESAS FIXA DECEMBRO 17	920	22200
				6967,45				

Visto o Informe da Secretaría-Intervención núm. 122/2018 do 16.11.2018.

Dada a existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente para o recoñecemento das obrigas correspondentes nas aplicacións orzamentarias sinaladas, no Orzamento de 2018.

5
Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 23.11.2018



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Sendo que os gastos foron efectivamente realizados, que se axustan a prezos de mercado e cómpre a súa aprobación e aplicación ao orzamento vixente, xa que no caso contrario produciríase un enriquecemento ilícito da Administración; non sendo operativo, por razóns de economía procesual, tramitar un expediente de revisión de oficio.

Este Pleno Corporativo, en aplicación do artigo 60.2 do RD 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar, por recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 10/2018, os documentos xustificativos de gasto anteriormente indicados.

Segundo: Aplicar os pagos pendentes de aplicación (PPA) correspondentes aos gastos indicados á aplicación orzamentaria sinalada, coa imputación da súa autorización, disposición, liquidación, ordenación do pago e pago material en formalización, co saldo do pago pendente de aplicación correspondente.

Terceiro: Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento Contable para a súa tramitación e efectos oportunos.

3) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REC NÚM. 11/2018.

Neste momento incorpórase á sesión plenaria o concelleiro D. Ramón Manuel Martínez Rial, sendo as 20:35 minutos.

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

.....

PROPOSTA DA ALCALDÍA: Aprobación de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 11/2018

Mª TERESA VILLAYERDE PAIS, Alcaldesa do Concello de Lousame, propoño ao Pleno Corporativo a adopción do presente ACORDO:

"Vistos os xustificantes de gasto que a continuación se detallan:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Prog.	Econ.
F/2018/1382	08/08/2018	0-01800494	24/07/2018	1128,93	NEA F3 IBERICA SLU	ORDENADOR, MONITOR E INSTALACIÓN	920	62600
F/2018/1477	13/09/2018	Emit 01335	13/09/2018	79	ELECTRODOMESTICOS CARACAS SL	telefono movil libre panasonic KXTU329EXME	231	63600



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodeLousame.com
concellodeLousame@concellodeLousame.com
C.I.F. P-1504300-c

F/2018/1478	13/09/2018	Emit 1336	13/09/2018	25	ELECTRODOMESTICOS CARACAS SL	TELEFONO PANASONIC KXTG1611	231	63600
F/2018/1528	01/10/2018	Emit 1417	01/10/2018	219	ELECTRODOMESTICOS CARACAS SL	FRIGORIFICO TEKA TS1130	920	63900
				1451,93				

Visto o informe da Secretaría-Intervención núm. 125/2018 do 20.11.2018.

Dada a existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente para o recoñecemento das obrigas correspondentes nas aplicacións orzamentarias sinaladas, no Orzamento de 2018.

Sendo que os gastos foron efectivamente realizados, que se axustan a prezos de mercado e cómpre a súa aprobación e aplicación ao orzamento vixente, xa que no caso contrario produciríase un enriquecemento ilícito da Administración; non sendo operativo, por razóns de economía procesual, tramitar un expediente de revisión de oficio.

Este Pleno Corporativo, en aplicación do artigo 60.2 do RD 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas, por recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 11/2018, dos documentos xustificativos de gasto anteriormente indicados.

Segundo: Ordenar o pago dos xustificantes de gasto relacionados, segundo as disposicións da Tesourería.

Terceiro: Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento Contable para a súa tramitación e efectos oportunos.

Lousame, a 20 de novembro de 2018.

A Alcaldesa

Mª Teresa Villaverde Pais

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP) e catro (4) abstencións (emitidas polos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE e PT), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte **ACORDO:**

“Vistos os xustificantes de gasto que a continuación se detallan:

7
Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 23, 11, 2018



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Prog.	Econ.
F/2018/1382	08/08/2018	0-01800494	24/07/2018	1128,93	NEA F3 IBERICA SLU	ORDENADOR, MONITOR E INSTALACIÓN	920	62600
F/2018/1477	13/09/2018	Emit 01335	13/09/2018	79	ELECTRODOMESTICOS CARACAS SL	telefono movil libre panasonic KXTU329EXME	231	63600
F/2018/1478	13/09/2018	Emit 1336	13/09/2018	25	ELECTRODOMESTICOS CARACAS SL	TELEFONO PANASONIC KXTG1611	231	63600
F/2018/1528	01/10/2018	Emit 1417	01/10/2018	219	ELECTRODOMESTICOS CARACAS SL	FRIGORIFICO TEKA TS1130	920	63900
				1451,93				

Visto o informe da Secretaría-Intervención núm. 125/2018 do 20.11.2018.

Dada a existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente para o recoñecemento das obrigas correspondentes nas aplicacións orzamentarias sinaladas, no Orzamento de 2018.

Sendo que os gastos foron efectivamente realizados, que se axustan a prezos de mercado e cómpre a súa aprobación e aplicación ao orzamento vixente, xa que no caso contrario produciríase un enriquecemento ilícito da Administración; non sendo operativo, por razóns de economía procesual, tramitar un expediente de revisión de oficio.

Este Pleno Corporativo, en aplicación do artigo 60.2 do RD 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas, por recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 11/2018, dos documentos xustificativos de gasto anteriormente indicados.

Segundo: Ordenar o pago dos xustificantes de gasto relacionados, segundo as disposicións da Tesourería.

Terceiro: Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento Contable para a súa tramitación e efectos oportunos>>

4) MOCIÓN DO GPM DO PP CO MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

A Alcaldía explica que se vai dar lectura á moción do GPM do PP; e ofrece a tódolos GPM presentar esta moción como conxunta de todos.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

D. Julio M. D. Paradela Busto indica que o GPM do PSdG-PSOE tamén ten unha moción sobre este asunto para presentar no punto de "Mocións por razón de urxencia".

Procede a dar lectura da moción a concelleira de Servizos Sociais, D^a Silvia Agrafojo Filgueira, que é do seguinte tenor:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PP CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER 2018

O Grupo Municipal Popular no concello de Lousame, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación, sempre desde o respecto ao réxime de distribución competencial en todas as accións que se desenvolvan, posto que o traballo que se realiza para conseguir a súa erradicación implica a multitude de axentes, tanto desde o sector público como desde o privado.

Para iso, necesítase un consenso institucional, político e social que mostre, sen fisuras, o compromiso de todas as institucións coa sociedade galega para alcanzar os acordos que permitan avanzar na erradicación da violencia contra as mulleres.

Combater calquera forma de violencia de xénero: violencia física, violencia psicolóxica, violencia económica, violencia sexual, abusos sexuais, acoso sexual e a trata de mulleres e nenas explotadas sexualmente, debe ser unha cuestión de Estado, xa que a violencia contra a muller constitúe unha violación dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

Así o esixe a sociedade no seu conxunto xa que, nesta materia, só se conseguen avances se hai un compromiso de todos os sectores políticos e sociais para poñer na axenda, como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres, conscientes de que se trata dunha cuestión que nos afecta como sociedade e como país e da que depende o futuro da nosa convivencia.

É unha tarefa que require unha actuación unitaria de todas as forzas políticas e da cidadanía, polo que é necesario seguir traballando na senda da máxima coordinación, colaboración e cooperación entre todos e todas e seguir concienciando á sociedade da necesidade de rematar con esta lacra para entre todos erradicar completamente a violencia de xénero.

A concienciación social foi e é esencial para erradicar o problema, por iso a necesidade de alcanzar acordos.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Nos últimos anos tense producido notables avances neste eido, pero hai que seguir traballando e acabar con calquera forma de violencia exercida contra a muller coa posta en marcha de leis e medidas para combatela. Entre estas medidas xa postas en marcha, están a aprobación da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que supuxo un gran avance na unión de partidos políticos, administracións, institucións e organizacións na formulación de medidas para a erradicación da violencia de xénero.

Por todo o anterior o Grupo Municipal Popular do Concello de Lousame solicita do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar ao Goberno do Estado a incrementar os fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, que están asignados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.
2. Instar á Xunta de Galicia a incrementar os orzamentos destinados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.

.....

A Alcaldía sinala que na moción pídese a implicación de tódalas Administracións; non teñen ningún inconveniente en cambiar a moción como do GPM e poñer que é en nome de toda a Corporación.

D. Julio M. D. Paradela Busto recorda que todos os anos se traen moción deste tipo. E considera que hai que facer mellor as cousas, xa que hai outras medidas máis eficaces que simplemente aprobar este tipo de mocións. Considera que hai que facer as cousas máis a pé de chan e eliminar burocracias innecesarias. Queda bonito sacarse unha foto cunha pancarta contra a violencia de xénero, pero logo medidas efectivas non hai ningunha.

A Alcaldía entende que estamos ante un tema sensible pero que todos os GPM teñen o mesmo obxectivo, que é a súa desaparición. Pero non é un traballo que se consiga en dous días. Claro que hai moitas cousas que facer e mellorar, sobre todo a nivel de protección das vítimas. E considera que onde máis hai que incidir é na educación. Porque os que hoxe son pequenos mañá estarán gobernando este país. Hai que educar para o fracaso, para que che digan un non e o aceptes, para frustración... Hai que aceptar un non por resposta e a individualidade da outra persoa. Por iso entende que hai que investir moitísimo en educación. Quere recordar que en Lousame está constituída a Mesa Contra a Violencia de Xénero. Se esta Mesa se toma en serio, como é no caso de Lousame pode servir de moita axuda; porque se establecen protocolos para poder detectar estas situacións, xa sexa no Centro de Saúde, no Centro Educativo, etcétera. Os profesionais



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

das Forzas e Corpos de Seguridade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación son os que poden detectar esta situacións e promover actividades que repercutan en eliminar todo o tipo de violencia. Hai que mellorar moito na protección da vítima. O GPM do PP ofrécese a que esta moción poida ser conxunta de toda a Corporación.

D. Julio M. D. Paradela Busto para facer a moción conxunta, propón incluír o seguinte acordo:

"Que o Goberno continúe impulsando as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nos ámbitos: educativo, social, xurídico, económico, de protección, de concienciación e de sensibilización social"

A Alcaldía indica que o GMP do PP acepta incluír o acordo proposto polo PSdG-PSOE na proposta inicial e sometelo así a votación.

D^a Lucía Rodríguez Cao toma a palabra para indicar que ela comparte máis a idea manifestada polo voceiro do PSdG-PSOE. E propón incluír o seguinte punto de acordo:


"Instar ao Concello á creación dunha rede de apoio social ás vítimas da violencia de xénero"

D^a Lucía Rodríguez Cao entende que se podería crear unha rede social de apoio ás vítimas, sen necesidade dun apoio económico. Que sexa a xente a que apoie ás vítimas. Sería algo a maiores do resto que se pretende acordar...

A Alcaldía recorda que fai un tempo os Concellos de Noia, Porto do Son e Lousame fixeron uns encontros con profesores da Universidade e Especialistas na materia, para labores de mediación. É complexísimo. Só poden intervir xente experta na materia porque é moi complicado que alguén non especializado poida prestar axuda ás vítimas. Nesta materia é moi difícil lograr que unha vítima recoñeza aos seus veciños que é obxecto de violencia de xénero.

D^a Lucía Rodríguez Caso pensa na situación de que unha vítima xa pida axuda por esta causa; pois nese suposto podería poñerse en contacto con esa rede de apoio social...

A Alcaldía recorda que está operativo o CIM (Centro de Información á Muller) de Noia. Onde prestan apoio xurídico, psicolóxico e social ás mulleres. Quere encomiar a súa labor. Considera que nesta materia é imprescindible a labor do persoal profesional na materia.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

D^a Lucía Rodríguez Cao insiste en que a súa proposta non implicar retirar o resto. Sería algo a maiores do que se propón.

A Alcaldía indica que o GMP do PP acepta incluír o acordo proposto polo PT na proposta inicial e sometelo así a votación.

Polo tanto, a proposta de acordo que se vai someter a aprobación do Pleno Corporativo será a seguinte:

<<Moción da Corporación de Lousame co motivo do día internacional da eliminación da violencia contra a muller:

*O Pleno Corporativo de Lousame, co motivo do día internacional da eliminación da violencia contra a muller **ACORDA:***

***Primeiro:** Instar ao Goberno do Estado a incrementar os fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, que están asignados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.*

***Segundo:** Instar á Xunta de Galicia a incrementar os orzamentos destinados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.*

***Terceiro:** Que o Goberno continúe impulsando as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nos ámbitos: educativo, social, xurídico, económico, de protección, de concienciación e de sensibilización social.*

***Cuarto:** Instar ao Concello á creación dunha rede de apoio social ás vítimas da violencia de xénero>>*

Estando toda a Corporación de acordo no texto proposto para a votación, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<Moción da Corporación de Lousame co motivo do día internacional da eliminación da violencia contra a muller:

*O Pleno Corporativo de Lousame, co motivo do día internacional da eliminación da violencia contra a muller **ACORDA:***



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Primeiro: Instar ao Goberno do Estado a incrementar os fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, que están asignados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia a incrementar os orzamentos destinados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero.

Terceiro: Que o Goberno continúe impulsando as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nos ámbitos: educativo, social, xurídico, económico, de protección, de concienciación e de sensibilización social.

Cuarto: Instar ao Concello á creación dunha rede de apoio social ás vítimas da violencia de xénero>>

5) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DA NÚM. 459/2018 Á NÚM. 601/2018.

A Alcaldía da conta das Resolucións por ela emitidas da número 459/2018 á número 601/2018.

A Corporación dáse por enterada.


6) MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA.

A Alcaldía pregunta se algún GPM ten algunha moción por razón de urxencia.

D. Julio M. D. Paradela Busto indica que non.

Dª Lucía Rodríguez Cao sinala que si. A Alcaldía dille que dea lectura aos acordos e procederase á votación da urxencia da moción.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 23.11.2018





Concello de Lousame

Praxe Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodeLousame.com
concellodeLousame@concellodeLousame.com
C.I.F. P-1504300-c

6.1) MOCIÓN DO GPM DO PT: DIFUSIÓN DAS CONVOCATORIAS DOS PLENOS NAS REDES SOCIAIS.

D^a Lucía Rodríguez Cao procede a dar lectura da proposta de acordo que se presenta ante o Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

<<Propónse ao Plenario da Corporación Municipal de Lousame adoptar os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Que as convocatorias das sesións plenarias da Corporación Municipal e dos órganos que permitan a participación veciñal sexan publicadas nas contas oficiais das redes sociais do Concello de Lousame de xeito simultáneo á súa inserción no Taboleiro de Anuncios

Segundo: Que as mesmas convocatorias sexan inseridas do mesmo xeito na páxina web oficial do Concello de Lousame>>

A Alcaldía sinala que o GPM do PP non vai votar a favor da urxencia da moción polo seguinte motivo: porque xa se está a facer. Se a concelleira entra agora mesmo na páxina web do Concello de Lousame, en transparencia, vai ver colgadas as convocatorias dos Plenos Corporativos. Até o de agora non se puido facer pola situación de vacante da secretaría-intervención. Pero agora xa se están publicando. Pregúntalle á secretaria-interventora por este asunto.

A secretaria-interventora, a petición da presidencia, explica que as convocatorias están publicadas nun apartado da web que se denomina "Publicacións". Dentro de "Publicacións" hai un apartado denominado "Plenos" que se subdivide á súa vez en "Ordes do Día" e "Acordos Plenarios". No apartado "Ordes do Día" é onde se atopan as convocatorias.

D^a Lucía Rodríguez Cao considera que é moi rebuscado; considera que debería instaurarse un xeito máis visual, nada máis acceder á web do Concello.

A Alcaldía considera que a última páxina web do Concello está bastante ben. A Alcaldía sempre quixo dende o inicio poder dar cumprimento ás obrigas de transparencia; pero non existía ninguén que asumise ese traballo de elaborar, recompilar e publicar. A Alcaldía vai comprobar se a súa visualización é intuitiva ou non. Cre que a empresa o fixo e o colocou como está en case que tódolos Concellos que realizan estas publicacións. Pero é certo que todo é mellorable. Se non é intuitivo comprométese a melloralo.

D. Julio M. D. Paradela Busto di que a publicación das convocatorias non está nas Redes Sociais.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía di que nas Redes Sociais non. Está na páxina web. Pero se pode facer sen ningún problema. O equipo de goberno ten o máximo interese, porque considera que é un tema importante. Pero xa se está a facer. Por iso considera que a moción non é urxente.

A Alcaldía somete a votación a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por catro (4) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PT e GPM do PSdG-PSOE) e seis (6) votos en contra (emitidos polos concelleiros do GPM do PP), sendo once (11) o seu número legal de membros, non aproba a urxencia da moción do GPM do PT nin a súa inclusión na Orde do Día.

6.2) MOCIÓN DO GPM DO PT: PROPOSTA DE ACORDO SOLICITANDO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE O ENVÍO Á CORPORACIÓN DA INFORMACIÓN RELATIVA AOS TRÁMITES DA DECLARACIÓN RESPONSABLE DO TANATORIO DE LOUSAME.

Dª Lucía Rodríguez Cao procede a dar lectura da proposta de acordo que se presenta ante o Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

<<Propónse ao Plenario da Corporación Municipal de Lousame adoptar os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Solicitar á Consellería de Sanidade e á súa Xefatura Territorial da Coruña a que remita a esta Corporación toda a documentación administrativa relativa á declaración responsable para instalacións á que tivese sido xerada durante o último ano en relación ás instalacións no mesmo local do informe do crematorio. A dita documentación porase a disposición dos Grupos Municipais

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Consellería de Sanidade e á súa Xefatura Territorial da Coruña a efectos de dar cumprimento ao punto anterior>>

A Alcaldía di que non entende a urxencia da moción, preguntarlle á concelleira se o seu GPM solicitou consultar este expediente no Concello.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 23.11.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

D^a Lucía Rodríguez Cao contesta que ela xa o solicitou a título particular na Consellería de Sanidade, en relación ao crematorio, e xa lle dixeron que non había nada.

A Alcaldía xa sabe que non hai nada porque non hai crematorio. Pero non sabe se agora estamos a falar do tanatorio ou do crematorio.

A concelleira D^a Silvia Agrafojo Filgueira abandona a sesión plenaria, sendo as 21:04 horas.

D^a Lucía Rodríguez Cao di que unha cousa é o tanatorio, do que xa pediu a información ao Concello. E outra é o crematorio.

A Alcaldía pregunta se xa lle pasaron a información solicitada.

D^a Lucía Rodríguez Cao indica que aínda non. Engade que agora, neste momento, non hai proxecto de crematorio no Concello. Pero... Sabe a Alcaldesa se está na Consellería de Sanidade?

A Alcaldesa di que sabe que non está ese proxecto en Sanidade. Porque á Consellería de Sanidade tería que remitilo o Concello de Lousame. Por iso sabe con seguridade que alí non está.

D^a Lucía Rodríguez Cao indica que o que está a dicir a Alcaldes é exactamente o revés do que ela entendeu no último Pleno.

A Alcaldesa di que o que se dixo no último Pleno está recollido na Acta e que pode miralo ademais na páxina web. O que dixo foi que calquera licenza que se presenta no Concello chega ao Departamento de Urbanismo. Alí compróbase se a licenza precisa de informes sectoriais polo técnico. Se é así, o proxecto se remite a eses departamentos para que emitan o seu oportuno informe sectorial. Se aquí non se presentou proxecto..... Que se vai pedir na Consellería? Por iso non considera que a moción sexa urxente. Non hai crematorio, hai tanatorio, que xa o había.

D^a Lucía Rodríguez Cao di que tamén hai a intención dunha empresa de poñer un crematorio. E a Alcaldesa ten que entender que isto é unha preocupación para a veciñanza, independentemente de que o proxecto estea presentado no Concello ou non.

A Alcaldesa dille á concelleira do GPM do PG que o que ten que facer é tranquilizar á veciñanza dicíndolle que no Concello de Lousame non hai crematorio. E non alarmalos. Xa se ocupará ela de convocar aos veciños para tranquilizalos.

D^a Lucía Rodríguez Cao espera que o faga.

A Alcaldesa di que non o espere, que pode estar segura de que o fará. Ela quedou no anterior Pleno de que no caso de que se presentase un proxecto para instalar un



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

crematorio ía convocar aos veciños. Non o fixo porque non entrou ningún proxecto. Pero como ese proxecto non entrou e ela considera que non vai a entrar, informará aos veciños para tranquilizalos.

A Alcaldía somete a votación a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por un (1) voto a favor (emitidos pola concelleira do GPM do PT), tres (3) abstencións (emitidas polo GPM do PSdG-PSOE) e cinco (5) votos en contra (emitidos polos concelleiros do GPM do PP), sendo once (11) o seu número legal de membros, non aproba a urxencia da moción do GPM do PT nin a súa inclusión na Orde do Día.

Neste momento incorpórase á sesión a concelleira Dª Silvia Agrafojo Filgueira, sendo as 21:10 horas.

7) ROGOS E PREGUNTAS.

A Alcaldesa pídelle ao GPM do PSdG-PSOE que proceda a formular os rogos e preguntas.

D. Julio M. D. Paradela Busto, voceiro do GPM do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

- 1 Pregunta polo Decreto 490, comunicación previa de obra en Fontefría, relativo ao peche dunha finca e fálase de retranquear 10 metros a cada lado do rego. Cúmprese a normativa?

Alcaldesa: Tódalas preguntas urbanísticas van ser contestadas polo técnico do Departamento de Urbanismo.

- 2 Pregunta polo Decreto 497, fala dun Convenio coa Axencia Galega de Infraestruturas para botar capa de rodadura no vial de Portobravo-Tállara. E fala de que van investir 448.000 €. ¿Que se vai facer con estes cartos?

Alcaldesa: Un proxecto técnico que foi elaborado, enviado, presentado durante todo o ano varias veces e vaise cambiar a capa de rodadura do vial.

E con iso queda o vial planchado?

Alcaldesa: Planchado, non. Queda con capa de rodadura.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Entón o proxecto inicial eran 2 millóns de euros. Executáronse 972.000 €. Agora sumámoslle 448.000 €. Fan 1.420.000 €. Aínda hai que meter outros 600.000 € máis.

Alcaldesa: Se aínda quedan cousas por facer se seguirán pedindo investimentos.

- 3 Considera que se segue facendo moita publicidade sen ter por que, cando se podían gastar eses cartos en outras cousas máis urxentes. Televisión do Salnés por publicidade de "Saberes y Sabores". Esa Feira pasouse a tres mil e pico de euros. Cantas explotacións hai no Concello?

Alcaldesa: Non son explotacións. Non se fala de explotacións. Falamos de fomentar especies autóctonas. Falamos de que a froita non se perda, de que a economía de cercanía e proximidade teña unha saída... O GPM do PP considera que isto debe ser fomentado. Ademais o Sr. Paradela Busto tivo un intento parecido.

O Sr. Paradela Busto di que si, pero sen gastar tres mil e pico de euros.

Alcaldesa: Se no intento (que ela foi e estivo mercando) houbese ese orzamento...ç

O Sr. Paradela Busto pregunta cantas persoas do Concello houbo?

Alcaldesa: Moitas e haberá máis. Chamouse Encontro de Saberes e Sabores, de dentro deste evento había tamén a Festa da Froita. Se o visitara e estivera alí (ela estaría encantada de que os acompañase) podería ver...

O Sr. Paradela Busto di que non sae ben nas fotos.

Alcaldesa: Non é cuestión de fotos. Pode reduciilo todo a unha fotografía, pero non é así. É positivo que este evento teña repercusión, que se dea a coñecer, que se vexa como unha oportunidade laboral... Aínda que só unha persoa, só unha, vexa que de alí se pode sacar unha oportunidade laboral... para ela é un éxito. Para o Sr. Paradela pode ser un fracaso, pero para ela é un éxito. Nesa feira había xente que vive do seu traballo.

O Sr. Paradela Busto pregunta cantas explotación hortofrutícolas hai en Lousame.

Alcaldesa: Vostede dixo que había un Encontro chamado de Saberes e Sabores onde había unha Festa da Froita, que considera que foi demasiado custoso. E ela lle responde que todo o que sexa fomentar que se conserven as especies autóctonas é importantísimo. Se o Sr. Paradela quere sumarse benvido será.... Se pola contra quere facer unha oposición partidaria.... o considera un erro neste caso. Noutros non, pero si neste caso. Ademais o Sr. Paradela xa fixo un intento.... e aí si que non había ninguén do Concello, excepto unha persoa da parroquia de Tállara.

O Sr. Paradela Busto pregunta se había máis no evento Saberes e Sabores.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldesa: Había moitas persoas máis do Concello de Lousame.

O Sr. Paradela Busto engade "claro, poderoso caballero...."

Alcaldesa: Quere aclarar isto, porque o Sr. Paradela Busto está insultando á xente que estivo alí. Fixeron un grandísimo esforzo en montar os postos e estar alí todo o día porque facía moitísima calor. Estiveron as Amas de Casa, a sra. que vendía artesanía deste Concello, unha persoa que levou as hortalizas da súa horta, outra que fixo o pan alí en directo... e que tivo un gran éxito... e están pensando en poñer unha tenda de pan artesan no Concello. Se de todo isto xurde unha iniciativa empresarial ou profesional, para ela é un auténtico éxito. Hai unha persoa que fai cousas de artesanía, que empezou nun curso que organizou o Concello de empoderamento, e aparte de cursos fai unhas cousas que son dignas de estar en calquera establecemento que se prece... Para a Alcaldesa é un éxito, pero non seu, senón de todo o Concello.

O Sr. Paradela Busto pide facer unha relación de toda a xente que saíu dese evento e que vive diso.

Alcaldesa: Hai xente nova que aparte doutros traballos cultivan o agro, e teñen dada de alta a súa explotación, e venden e subministran a mercados... E trátase de xente nova, que permanecen aquí, traballan ao lado da súa casa e por riba cultivan o territorio. É unha marabilla.

O Sr. Paradela Busto insiste en que a desgraza é que non se está cultivando. E o que hai é que facilitar as cousas.

Alcaldesa: Dende Lousame o estamos a facer.

- 4 Pregunta pola compra dun vehículo novo. Novo non é porque ten dezasete anos. Dáse a circunstancia de que dous días antes págase 600 € polo aluguer dun coche. E no mesmo mes páganse 500 € máis de aluguer. E resulta que por un coche de 17 anos págase 5.000 €. Debe estar moi ben ese coche, despois de estar parado na aldea de Gandarela non sabe cantos anos. Gustaríalle ver a documentación dese coche. Parécelle unha aberración pagar 5.000 € por un coche de 17 anos.

Alcaldesa: Fai anos houbo que retirar un vehículo municipal da circulación. Temos outro vehículo municipal que está en moi mal estado. Do taller de mantemento avisan que no momento no que sufra unha avaría de motor vai ser imposible de arranxar. Estase tirando del, facendo as revisións e aguantando o que se pode. Para trasladar aos obreiros municipais, que uns poden estar en San Xusto e outros en Camboño, precísase dun vehículo. E que non se lles esqueza nada na nave pola mañá... Porque habería que ter unha persoa destinada unicamente a transportar aos obreiros municipais aos diferentes lugares. Se o Sr. Paradela ve o organigrama de traballado da cuadrilla municipal entendería moitísimo mellor porque foi necesario alugar un vehículo e comprar un

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do 06 de Decembro de 2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 62 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

vehículo. O ano pasado fomos mirar un vehículo dun particular dunhas características parecidas... pero custaba o dobre. Avisamos aos talleres da zona para que avisasen ao Concello no caso de coñecer algún vehículo que estivese en boas condicións. Este vehículo apareceu xa hai meses, pero non puido facerse antes a xestión administrativa por falla de tempo. Cando apareceu este vehículo pediuse ao taller que o revisasen e que comprobasen o seu estado. E dixeron que o coche estaba moi ben. A Alcaldesa non mira de quen é o vehículo. O taller mecánico di que hai un coche en bo estado e que pode ser apto para o Concello e o Concello inicia as xestións para que non se escape (como pasou con outro fai dous anos); xa que son coches que teñen moita saída. O aluguer foi necesario polo que explicou antes. O Concello non tiña máis que un coche operativo e a camioneta. E non era suficiente para trasladar a todos os obreiros nas quendas diarias de traballo (RISGA, Aprot Rural e PEL) Os obreiros non poden estar todos xuntos porque entón non se optimizan os recursos. Por iso foi necesario proceder ao aluguer do vehículo. E estará o aluguer até o vindeiro luns.

O Sr. Paradela di que entón aínda haberá máis facturas de aluguer...

Alcaldesa: Claro, por iso é bo compara o vehículo e non alugar. Porque en pouco tempo xa é rendible a compra e non o aluguer. Consulte o expediente e vexa o informe mecánico. Ou leve a algún mecánico amigo a ver o coche e que lle faga un contra-informe. Achéguese ao Concello e pida o expediente de compra dese vehículo.

- 5 Pregunta por un Decreto que lle chamou moito a atención: no que se acorda a tramitación de estudo previo ao expediente de investigación de bens que se presumen de dominio público no lugar de Marracín de Abaixo.

Alcaldesa: Di que xa veu ao Pleno anterior. Este asunto xa foi tratado. Incluso este asunto se tratou en Comisión Informativa. Pero faga a pregunta, por favor.

O Sr. Paradela Busto pregunta en que está este tema. Chámalle a atención porque o Decreto 578 ten a data do 06.09.2018. O 575 é do 31.10.2018... O 579 é do 06.11.2018. Como o 575 é de data anterior? Como funciona isto? Pódemo explicar?

Alcaldesa: Non. Pregúntalle á secretaria-interventora.

A secretaria-interventora, a petición da Alcaldía, sinala que non sabe porque hai esa alteración das datas. Pero ela recorda perfectamente que a Resolución xa foi tratada no anterior Pleno Ordinario do mes de setembro.

Alcaldesa: Efectivamente. Ela recorda como no Pleno Ordinario de setembro xa foi tratado este mesmo asunto. E se explicou o mesmo.

O Sr. Paradela Busto o que quere é coñecer como está o asunto.

Alcaldesa: Pois está nese momento que sinala o decreto.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Sr. Paradela Busto di que non pode ser... porque dende o mes de setembro, xa pasaron máis de 15 días que se lle daba aos veciños para presentar documentación.

Alcaldesa: Pasa a dar lectura do Decreto. Explica que a parte que supostamente ten no seu poder bens de dominio público presentou un informe pericial moi ben fundamentado; que fixo dúbida aos Servizos Xurídicos. E por iso se o expediente pasou de tramitarse como de recuperación a un expediente de investigación. Porque non pode haber ningunha dúbida. Cando este expediente remate no Pleno... e os argumentos non son contundentes e son contraditorios... a ver como vota o Pleno.... ou non vota como pasou noutros casos e o tema acaba no Xulgado... O mellor é ter os datos o máis claros posibles.

A secretaria-interventora pide permiso para intervir á Alcaldía. Ela recordaba que este asunto saíra no Pleno Ordinario de setembro. Está lendo a Acta daquela sesión, que se aprobou o día de hoxe, e na páxina 22 recóllese que o Sr. Paradela Busto pregunta polo Decreto 450 que se refire a un expediente de recuperación de bens e que se converte noutro de investigación.

Alcaldesa: Claro. Ela o recordaba perfectamente. Considera que por un erro fíxose unha repetición de decretos. É o mesmo decreto e é o mesmo asunto. O empregado encargado da súa tramitación por error pasou dúas veces o decreto ao circuito de sinatura no programa. É un erro pero isto non é o relevante. O importante é onde estamos neste procedemento administrativo. E iso é o que eu lle quero contestar.

O Sr. Paradela Busto di que o que está a facer e ler o decreto.

Alcaldesa: Está lendo o decreto para poñelo en antecedentes... xa que o Sr. Paradela non recordaba de que ese asunto xa fora tratado no mes de setembro. A documentación presentada polos denunciados foi trasladada aos denunciados e concedéuselles un prazo prudencial de tempo para poder contestar o escrito da parte denunciada. Agora terase unha reunión cos letrados que levan este asunto, con secretaría e cos interesados para recoller as súas declaracións; ou se queren presentar un pericial complementario ao que xa se presentou, etcétera. Os expedientes de investigación son moi complexos. De todos os xeitos hai que mirar porque hai ese desfase entre o número do decreto e a data do decreto.

A secretaria-interventora, a petición da Alcaldía, explica que cre saber a razón desa discrepancia entre o número de decreto e a data da súa sinatura. Na aplicación informática de xestión documental do Concello a data dun decreto é a da sinatura dese Decreto pola Alcaldía.... Pero o número do decreto dáselle á resolución no momento no que asina Secretaría. O 06.09.2018 a secretaria-interventora o era pero en réxime de acumulación de funcións; e ademais houbo uns días no mes de setembro onde ela estivo ausente. E case está segura de que ese foi o motivo do desfase entre a data de sinatura e o número asignado ao Decreto. O normal é que se asinen o mesmo día os decretos por Alcaldía e Secretaría, polo que os números e datas van correlativos. Pero neste caso, ese

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

decreto foi asinado por Alcaldía o 06.09.2018 e puido quedar no circuito pendente da sinatura de secretaría. Case está segura que ese foi o motivo do desfase.

Alcaldesa: Insiste en que esta cuestión informática non afecta para nada ao fondo da cuestión e tampouco afecta para nada aos interesados.

6 Pregunta se o Concello organizou a carreira popular Pilar Barreiro Senra. E se é o responsable da carreira. A empresa que se contrata, contrátase polo Concello?

Alcaldesa: A organizou o Concello. E hai un seguro de responsabilidade civil. A empresa contrátase polo Concello e tamén ten o seu propio seguro.

O Sr. Paradela Busto alédase de que isto sexa así porque a Alcaldes debe estar ao tanto do que pasou.

Alcaldesa: Non puido estar persoalmente porque estivo enferma. Pero xa se falou coa empresa e cos afectados. Hai que felicitar-se xa que houbo moita sorte... xa que podíamos estar falando de outra cousa. Esa vía está enfocada norte-sur; e na nosa zona os temporais sempre entran por esa vía, xa sexa nunha dirección ou noutra. O responsable da empresa xa oíu o que tiña que oír e moito máis e tamén quere dicir que a actitude da empresa foi en todo momento colaboradora. Os traballadores non sei se seguen na empresa ou non, porque algún apercibimento tiveron.

7 Pregunta polo Decreto 595 de remisión de observacións ao proxecto de Lei de Ordenación do Territorio de Galicia. En que afecta ao Concello co Plan que temos aprobado? O Decreto non aclara nada.

Alcaldesa: Non ten nada que ver. O decreto o que fai é acordar remitir esas observacións ao proxecto de Lei. As observacións as fan os técnicos. Ela pode tomar nota e o próximo día contestar cales foron esas concretas observacións detectadas polo técnico municipal. Ela moitas preguntas as contesta directamente porque recorda o expediente no momento no que se lle pregunta. Pero noutros Concellos o habitual é que o Alcalde tome nota das preguntas e conteste ás mesmas na vindeira sesión plenaria.

O Sr. Paradela Busto pregunta porque o Decreto non aclara nada... e como o PXOM de Lousame está bastante desfasado...

Alcaldesa: Non está desfasado.

O Sr. Paradela Busto di que o técnico e o anterior alcalde nunha reunión a tres bandas trouxo un documento todo subraiado das cousas que había que modificar... Como xa pasaron 14 anos... E como agora hai que falar coa Xunta... Igual a Xunta nos fai o favor e nos fai un planeamento novo...



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldesa: Cando o Sr. Paradela queira facemos unha reunión só para tratar este asunto. O PXOM de Lousame necesita modificacións puntuais; pero non un cambio substancial porque isto faría dano a Lousame. O que ten que comparar é o criterio para dar edificabilidade agora e o criterio para dar edificabilidade no noso Plan. E ver se compensa agora facer unha modificación substancial ou non. Todo isto será tratado e explicado nunha comisión específica. O noso PXOM está adaptado á LOUGA. Se non o estivera xa estaríamos facendo outro. A pesar de que hai cousas moi mellorables, hai outros factores que explicará nesa Comisión, que fan que sexa bo manter o noso PXOM.

- 8 O Sr. Paradela Busto pregunta polo Decreto 466. É un convenio de colaboración en materia de persoal coa Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza. Leva varios anos escoitando que o noso Concello ten escasez de persoal, que non se poden sacar as cousas para adiante... Entón non hai persoal e dúas persoas do Concello van acumuladas á Mancomunidade? Lousame tiña unha secretaria-interventora acumulada e non podía facer máis traballo porque só estaba dous días á semana... E agora cedemos unha funcionaria e unha auxiliar á Mancomunidade. Que pasa... que Lousame é o único Concello integrante? Que vaian dúas persoas do mesmo Concello non o entende. A Mancomunidade rotaba e o persoal de cada Concello tamén levaba os temas durante ese ano. Algún quedará... ou só son bos os de Lousame.

Alcaldesa: Os traballadores de Lousame son bos traballadores. Antes, como ben dixo o Sr. Paradela, a Mancomunidade rotaba. O Sr. Paradela estivo na Mancomunidade e sabe perfectamente as consecuencias desa rotación. Por fin rematou esa rotación e espera que dure esta situación moito tempo. Agora a Mancomunidade ten a sede administrativa en Lousame, co arquivo na Casa Consistorial, coa documentación clasificada, salvo o que se perdeu nesa rotación. Antes a Mancomunidade tiña unha secretaria-interventora, e a Mancomunidade permitiu que esa secretaria-interventora estivera acumulada no Concello de Lousame durante moitísimo tempo. E por que Lousame acudiu á secretaria-interventora da Mancomunidade? Por proximidade. Pola mesma razón agora a Mancomunidade pide axuda ao Concello de Lousame. Estes traballadores municipais nunca desempeñan as súas labores no seu horario de Lousame. É sempre ao marxe do seu horario de traballo. Cando acaban o seu traballo, ou pola tarde, van á Mancomunidade a desempeñar as súas tarefas. Ao mesmo xeito que o secretario-interventor da Mancomunidade, que ven algún sábado pola mañá. Este secretario-interventor está acumulado tamén. E esta situación se manterá hasta que non se cubran esas prazas. Igual que Lousame tivo que recorrer á Mancomunidade no seu momento pedindo axuda; pois agora a Mancomunidade acude a Lousame.

- 9 O Sr. Paradela Busto quere ir agora ao tema social. Temos un Centro de Saúde aquí ao lado. Pero o Concello preocúpase de se ese Centro de Saúde ten os servizos debidos?

Alcaldesa: Por suposto.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 23. 11-2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Sr. Paradela Busto pregunta se entón hai matrona en Lousame.

Alcaldesa: Todas as peticións que se lle fan chegar nas reunións que ela procura ter, son trasladadas a Sanidade.

O Sr. Paradela Busto di que Lousame por desgraza non ten moita natalidade... e agora estaban dándose citas a mes e medio ou dous meses vista... Deuse o caso de que unha veciña do Concello tivo a desgraza de ter o rapaz morto e ter que abortar e non sabelo por ese intervalo de espera pola consulta.... Se unha embarazada o primeiro filtro que pasa é a matrona.... e tardan dous meses en darlle cita... Xa lle dirá a Alcaldesa se os veciños están atendidos.

Alcaldesa: Comprométese a reunirse co coordinador do Centro e informarse dese caso; e lle traerei a información do coordinador do Centro para o próximo pleno.

10 O Sr. Paradela Busto comenta que fai uns días estaba nun local público e oíu unha conversa falando de xente que estaba indo a Cáritas a recoller alimentos. Falaban de que había xente de Lousame. A el estrañoulle porque os veciños de Lousame teñen os Servizos Sociais do Concello. Quere preguntar por este asunto. Dende o Concello non se cubre esa asistencia? Teñen que ir ao Concello veciño?

Alcaldesa: O que hai que mellorar é a coordinación entre os Servizos Sociais do Concello é Cáritas, para analizar caso por caso cada 15 días. Porque as circunstancias das persoas cambian. A última lista que ela ten recolle a usuarios que ela coñece que xa están traballando. Isto tense que comunicar de inmediato. No momento no que empezan a traballar xa non é preciso recorrer a Cáritas. Se unha persoa vai a Cáritas, esta entidade ponse en contacto co Departamento de Servizos Sociais para facer un informe da situación das persoas, e se é necesario que lle dean alimento alí. En Lousame pode haber tres casos puntuais que oscilan en función da saúde desas persoas. Anuncia que se incluíra unha subvención nominativa a Cáritas no próximo orzamento para que o Concello poida colaborar neste asunto. Non quere afondar máis porque son casos que pertencen ao campo dos Servizos Sociais e son altamente sensible. E o Concello claro que axuda aos veciños; pero en Lousame non hai Cáritas. Lousame depende de Cáritas Diocesana de Noia. E os usuarios van alí co informe dos Servizos Sociais. Sen informe de Servizos Sociais Cáritas non da alimentos a ningún.

D^a. Lucía Rodríguez Cao, voceira do GPM do PT formula os seguintes rogos e preguntas:

1 Pregunta acerca da Resolución 469 do 2018, que é unha resolución sobre unha comunicación previa de obra, e non se identifica a que se refire esa comunicación



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

previa. Quere saber que tipo de obra é, e que quede constancia de que solicita o expediente relativo a esta comunicación previa.

Alcaldesa: En relación a este asunto lle responderá o técnico. Toma nota e preguntarlle ao técnico

- 2 A segunda pregunta é relativa á causa relativa ao desfalco polo ex Tesoureiro. Tendo en conta que unha das funcións do posto de secretaria-interventora (evidentemente non se refire á actual) é fiscalizar e intervir materialmente os documentos contables e bancarios do municipio... a súa pregunta é se o Concello iniciou algún procedemento destinado a deslindar responsabilidades contra esa persoa.

Alcaldesa: Contra a anterior secretaria-interventora?

A Sra. Rodríguez Cao di que as Bases de Execución Orzamentaria sinalan que a secretaria-interventora ten que fiscalizar eses documentos e cobra por iso... Imaxina que algún tipo de responsabilidade terá sobre este asunto....

Alcaldesa: Toda esta documentación e información se remitiu ao Tribunal de Contas, e foi analizada por el, e ditaminou que o único responsable contable por abuso de confianza era Francisco Lorenzo González. Podía haber outros responsables, xa que o Tribunal de Contas chamou a declarar a todas as persoas.... Pero non o dixo. O único responsable foi Francisco Lorenzo González. Agora estamos esperando a que chegue o veredicto do Xulgado. Tan pronto chegue o comunicará a todos os grupos, e téñeno que acatar. Estudarse se se pode recorrer ou non. Pero ao final de todo teremos que acatar o que nos digan. E poremos todos os medios para que o que ditaminen se poida cumprir porque o reintegro total da cantidade non é doado. Unha das atenuantes que tivo esta persoa é que reintegrou unha parte do substraído e que recoñeceu a culpa. E cando veña a sentenza teremos que acatar o que nos digan, guste ou non nos guste.

A Sra. Rodríguez Cao di que ninguén pon iso en dúbida. Pero a Alcaldesa é a xefa do persoal. E entende que lle corresponde incoar un expediente para deslindar as responsabilidades nas que puidera ter incurrido a anterior secretaria-interventora.

Alcaldesa: Para incoar un expediente sancionador hai que ter unha base xurídica. Fíxese no caso do ex- tesourero do que estamos a falar... e a suspensión de funcións só se puido facer por 6 meses e prorrogala mentres o caso estea sub-iudice....

A Sra. Rodríguez Cao non está a falar do ex-tesoureiro nin da responsabilidade penal. Está a falar da secretaria-interventora.

Alcaldesa: Pídelle que a deixe explicarse. O que quere sinalar é que no caso do ex-tesoureiro presentou dous escritos onde recoñece os feitos que presuntamente son delictivos. Antes ese escrito ela non puido poñerse directamente unha sanción. Se non que tivo que solicitarlle informe á secretaria-interventora sobre que medidas cautelares se

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 23.11.2019





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

poden adoptar ante eses feitos tan graves... É dicir, hai que fundamentar o expediente disciplinario a pesares de ter un papel asinado polo ex-tesoureiro... Polo tanto non é tan sinxelo abrir un expediente disciplinario. E o máximo de suspensión que permite a lexislación son 6 meses. E cando remataron os 6 meses habería que levantar a suspensión ou prorrogar... e finalmente se prorrogou porque a causa estaba sub-iudice... Entón no caso da secretaria-interventora... Podería ter estado máis vixiante, cadaquén pode ter a súa opinión... pero de aí a abrir un expediente disciplinario

A Sra. Rodríguez Cao pídelles á Alcaldesa que lle confirme se unha das funcións do posto de secretaria-intervención é fiscalizar e intervir cada un dos movementos contables e bancarios das contas municipais. Pode entender que non sexa comprensible que sendo esa unha das súas funcións... non se considere unha negligencia o que pasou en Lousame?

Alcaldesa: Claro que o entende.

A Sra. Rodríguez Cao pregunta que medidas tomou a Alcaldesa.

Alcaldesa: Naquel momento (no que a Sra. Rodríguez Cao non estaba na Corporación) a Alcaldesa preguntou en todos os organismos, dende o órgano superior dos habilitados até todos os lugares onde tiña que preguntar, se isto podería ser causa de... Todas esas preguntas se fixeron e todo o mundo concluíu que si se podería ter fiscalizado e supervisado moito máis, pero que....

A Sra. Rodríguez Cao sinala entón se isto non podería dar pé a abrir un expediente disciplinario....

Alcaldesa: Pois naquel momento non o foi.

3 Outras preguntas que se fan moitas persoas é porque só se investigou dende o 2010 ao 2012 e non dende antes.

Alcaldesa: Pregúnteme como se investigou. Se tivo unha reunión co ex-tesoureiro tan pronto se tivo a máis mínima sospeita. Houbo unha primeira reunión e unha segunda da que a secretaria-interventora levantou acta como fedataria pública.

A Sra. Rodríguez Cao di que levantou acta a mesma secretaria-interventora que foi negligente neste caso.

Alcaldesa: Estamos falando de que esa persoa levantou un acta como fedataria pública. Que quere insinuar con esa afirmación? A anterior secretaria-interventora non falseou ningunha acta. Nesa reunión estaba a contable, o interesado, a tenente de alcalde, ela que acababa de tomar posesión como Alcaldesa e o anterior Alcalde. Xa a anterior

26



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

secretaria comezara a investigar. E non era fácil. Porque consultabas dous extractos bancarios e parecían semellantes e cadraban ao final, pero nun se desviaban os fondos... No Xulgado as persoas do xurado non daban crédito.... Debeulle dedicar moitísimo tempo a este asunto... Ao principio non recoñeceu os feitos, pero ao final, ante a evidencia, os recoñeceu. Preguntóuselle dende cando. E dixo que só no último ano. O Concello empezou a investigar pola súa conta e pediulle inmediatamente que se apartara do servizo, ao que el accedeu... e podería terse negado mentres non se resolvía o expediente disciplinario, que tamén leva unha tramitación. Ela seguiu preguntado... pero el non dou toda a información, por iso ao final houbo que facer a auditoría económica. Dende o Concello investigamos a situación e fomos inmediatamente a Fiscalía para que xa se adoptaran as medidas oportunas. Empezamos no ano 2012 e foise indo para atrás até que deixou se haber eses movementos estraños nas contas bancarias. Logo seguiu 6 meses para atrás e non se observou absolutamente nada. Vese claramente a data de comezo e que foron ao principio pequenas cantidades. E esas pequenas cantidades consegue repoñelas, facendo ingresos.... Pero chega un momento en que todo isto se lle desborda... e non é capaz de repoñer... E ao mesmo tempo empeza a anular transferencias que foran ordenadas previamente pola Alcaldía.... É dicir, enganou a moita xente, fixo dano a moita xente... Agora tamén avanzaron moito os programas contables. Se agora se quere facer un pago a un número de conta que o terceiro non autorizou... o programa contable da un aviso.... Pero o programa anterior non o facía... E esta persoa, pois facía transferencias e ían polo importe da factura, co número de factura, co nome do terceiro... pero logo cambiaba o número de conta.... e as facturas pagábanse ao número de conta que non era correcto.... E estas practicas pouquiño a pouco... porque eran pequenas cantidades, pero que sumando durante un tempo continuado, chegan a un disparate. Incluso cando viñan os terceiros a reclamar o pago dunha factura, eu recordaba como Alcaldesa aprobar esa factura e dicialle que como se atrevía a reclamar algo que xa estaba pagado... e diante do terceiro chamábase ao ex-tesoureiro e sen moverse un músculo da cara dicía que claro que si, que esa factura xa estaba pagada.... A contable pedíalle as claves da banca electrónica, llas entregaba a última hora da mañá... e ao día seguinte a primeira hora quería utilizalas para consultar e as claves xa estaban cambiadas... Ao final fíxose unha presión moi grande, deulle un ataque de ansiedade, e foi cando estalou todo e foise a Fiscalía a denunciar.... E a única preocupación desa persoa era que non o soubesen os seus compañeiros... Ao que se lle respondeu que no momento en que entrase en Fiscalía sería público e o ía coñecer non só os compañeiros senón todo o mundo. Foi moi complicado... E os asentos bancarios cadraban ao final do ano... Costa entender como aconteceu todo...

A secretaria-interventora, co permiso da Alcaldía, quere facer un comentario acerca da pregunta da concelleira sobre a anterior secretaria-interventora e sen parecer corporativista. A Administración Pública cambiou moitos nestes últimos anos no senso da Administración Electrónica. Pero no ano 2010 a 2012 todo se xestionaba e fiscalizaba en papel. Non había filtros nas aplicacións informáticas que se utilizaban que fixeran saltar alertas. Era habitual que nas Tesourerías dos Concellos, a persoa que ocupaba o posto de Tesoureiro, que son funcionarios e que se lles supón que deben gardar os principios de obxectividade, imparcialidade, etcétera... era a encargada de facer esas transferencias

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión ordinaria do día 20 de maio de 2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

bancarias ou dar a orde ás entidades financeiras. E logo no expediente en papel non se detectaba ningunha irregularidade. Por exemplo, nun expediente de aprobación de facturas incorporábase ao expediente o xustificante da transferencia bancaria ao terceiro ao que se lle aprobou a factura.... Logo o que sucedía, era que se anulaba esa transferencia e se facía a outro número de conta.... pero quedaba totalmente oculto no expediente en papel. Hoxe en día non é imposible, pero é moito máis difícil que alguén non detectase esa práctica antes... É practicamente imposible que o secretario-interventor aparte de facer todo o traballo diario nos expedientes administrativos poida entrar diariamente na entidade bancaria e puntear todos os movementos das contas.

A Sra. Rodríguez Cao di que é normal que non poida facer iso diariamente... pero era reiterado no tempo.... E pásanselle todas?

A secretaria-interventora non viviu ese asunto en primeira persoa, pero estando acumulada tivo que mandar algunha documentación que lle requiriron do Xulgado de Noia, e tivo que mirar eses expedientes de gasto... e alí si figuraba un xustificante de transferencia correcto. Logo por detrás anulábase o correcto e facíase a transferencia fraudulenta... Hoxe en día coas aplicacións informáticas que manexamos é moito máis difícil que isto poida suceder... Pero está claro que houbo un funcionamento anormal na Administración. E o Tribunal de Contas revisou todo o expediente e ditaminou que o único responsable contable era o ex-tesoureiro.

Alcaldesa: Colle o fallo do Tribunal de Contas e declara responsable contable directo a don Francisco Lorenzo González. Pode lela a Sra. Rodríguez Cao cando queira. Toda esta documentación está pasada aos GPM que asistiron ás Comisións. E a secretaria tamén tivo que declarar no Tribunal de Contas e na Fiscalía. E ninguén atopou que tivese responsabilidade na materia. E isto é o que se deduce do expediente. O equipo de goberno non se inventa nada... E xa o puxo todo en coñecemento de toda a Corporación nas diversas comisións e reunións que houbo sobre esta materia.

- 4 A Sra. Rodríguez Cao roga que o antes posible lle faciliten unha copia do expediente. E de ser posible que o dixitalice e así estará sempre dispoñible para entregar a calquera persoa.

Alcaldesa: O funcionario encargado estivo de vacacións, e tan pronto poida facilitará unha copia.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e dúas horas e trinta minutos (22:30 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

María Teresa Villaverde Pais



A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Pérez Otero

